



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO
CON DATA 29 DE DECEMBRO DE 2025**

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 29 de decembro de 2025 reúnen na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Jose Manuel Luaces Piñón
D^a María de los Dolores Pita Anca
D. Julián Blanco Rodríguez
D. Brais Prieto Verdial
D^a Rocío Martínez Martínez
D. Diego Graña Pérez

Secretario: Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de todos os membros deste órgano.

Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta do pleno do 30/10/2025.
2. Participar na segunda fase do Plan provincial "POS+ ADICIONAL 4/2025 "mellora viarios á Painceira"
3. Participar no Plan Provincial POS+Adicional 1/2026 Gastos Sociais Extraordinarios.
4. Derrogación da ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos de dirección de obras.
5. dar conta da prórroga do orzamento do 2025 ao 2026
6. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de decembro
6. Rogos e preguntas

1. Aprobación da acta do pleno do 30/10/2025.

O Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión do día 30 de outubro de 2025.

Respecto do acta do pleno celebrado o 30 de outubro de 2025, don Brais require aclaración sobre o importe das clases de debuxo. Pregunta se os 1.680,00 euros se refiren ao custo por mes, ou ao total. O alcalde aclara que esa cantidade é o importe total do custe da actividade polos oito meses.

Feitas a aclaracións, se somete a aprobación a acta do 28 de agosto de 2025 co seguinte resultado:

Votos a favor: 9
Votos en contra: 0
Abstencións: 0



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



2.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025. Mellora viarios á Painceira.

O alcalde pasa a dar lectura a seguinte proposta:

Logo de ver que os concellos que non esgotaron na 1ª fase do Plan POS+AD4 a achega provincial asignada poderán participar nunha segunda fase, destinada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

Logo de ver que de conformidade coas bases do POS+AD4, o pleno debe pronunciarse sobre a aceptación da achega.

Proponse ao Pleno:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Mellora viarios á Painceira	47.778,97 €	0,00	0,00	0,00	47.778,97 €
TOTAL	47.778,97 €				47.778,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

3.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.*

4.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

5.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total*



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es

non supera o 100% do seu importe.



6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O alcalde da a palabra ao portavoz do grupo socialista.

Don Brais pregunta ao Alcalde que pistas son as incluídas no proxecto, facendo este un resumen das mesmas.

Don Brais tamén pregunta se o POS + AD4, e o de gasto social van unidos. O alcalde contesta que non.

Feitas a aclaracións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Como resultado da votación, queda aprobada a seguinte proposta:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Mellora viarios á Painceira	47.778,97 €	0,00	0,00	0,00	47.778,97 €
TOTAL	47.778,97 €				47.778,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3. Participar no Plan Provincial POS+Adicional 1/2026 Gastos Sociais Extraordinarios.

O Alcalde da lectura á proposta e aclara que a cantidade que se solicita son os 37.926,24 euros que se amosan ao final da proposta.

Que 34.416,24 euros se destinarán a gasto corrente e 2.510,00 euros, serán destinados á adquisición de dúas grúas para o SAF.

Feitas as aclaracións pertinentes, sometese a proposta a votación co seguinte resultado.

Votos a favor: 9

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Así as cousas, queda aprobada a seguinte proposta:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS +ADICIONAL 1/2026 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS” da Deputación de Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN	ESTIMACIÓN DO
		DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)
Gastos correntes	242.750,00 €	181.250,00 €	61.500,00 €



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Investimentos: Tipoloxía i	2.510,00 €	2.510,00 €	
Investimentos: Tipoloxía j		0,00 €	
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	245.260,00 €	181.250,00 €	64.010,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	35.416,24 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	2.510,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	37.926,24 €

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4. Derrogación da ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos de dirección de obras.

Presentase ao Pleno a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a derrogación da Ordenanza municipal reguladora de da taxa por prestación de servizos de dirección de obras realizadas polos técnicos competentes polos seguintes motivos:

Na Administración Pública Española, a dirección de obra é un custo indirecto ou un gasto xeral que forma parte da estrutura de custos da empresa construtora, non unha partida independente para deducir do beneficio industrial, que é a retribución pola execución do contrato; a administración calcula a estrutura de custos (gastos xerais, beneficio industrial) sobre o Orzamento de Execución Material (OEM) e, se unha empresa desconta a dirección de obra (un custo indirecto) do beneficio industrial (un % sobre OEM), distorsiona a oferta e a estrutura de custos lexítima, o que pode levar a un informe de non procedencia, como se ve en casos do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, (TACRC), porque altera o cálculo da oferta e a comparativa con outras, podendo levar a prezos anormais ou inxustificadas, afectando a competencia e a transparencia, segundo os principios da Lei de Contratos do Sector Público.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O Beneficio Industrial (B.I.), é unha porcentaxe sobre o Orzamento de Execución Material (PEM) que remunera ao contratista polo risco e a xestión empresarial, sendo un beneficio lexítimo, mentres que a Dirección de Obra (D.O.), É un custo indirecto ou gasto xeral (persoal, medios auxiliares etc.) **que a empresa debe cubrir para executar a obra, non é parte do beneficio en si, senón un custo de estrutura que inflúe no OEM e nos Gastos Xerais.**

A oferta económica baséase nunha desagregación de prezos (OEM, Gastos Xerais, B.I. etc). Descontar un custo indirecto (D.O.) do B.I. é mesturar conceptos e non se axusta á estrutura normativa e técnica de valoración de ofertas.

Na administración pública española, a normativa e a xurisprudencia establecen que non procede descontar o custo da dirección de obra do beneficio industrial, xa que se trata de conceptos retributivos e orzamentarios con naturezas xurídicas e económicas distintas e independentes. Recurso 1093/2024 TACRC.

O Beneficio Industrial é a ganancia lexítima que o contratista espera obter pola execución do risco e a ventura do contrato. Legalmente, fíxase de forma estandarizada nun 6% sobre o Orzamento de Execución Material (OEM) nos contratos de obras, e a Dirección de Obra, é un custo de servizo técnico (asistencia técnica ou facultativa) necesario para a correcta execución do proxecto. Se a dirección de obra é externa, constitúe un contrato de servizos independente; se é interna, é un custo asumido pola propia Administración

O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Art. 131) desagrega o orzamento de licitación sumando ao OEM:

Gastos xerais (entre 13% e 17%).

Beneficio industrial (6%).

O custo de dirección de obra non forma parte destas partidas nin debe deducirse delas, pois o B.I. é unha retribución neta sobre a execución material, non un fondo para cubrir os servizos de supervisión que corresponden á entidade contratante a nivel profesional.

Detraer o custe da supervisión ou dirección de obra do beneficio industrial supoñería unha minoración da retribución legalmente prevista para o contratista, alterando o principio de risco e ventura.

En conclusión, a dirección de obra é un custo de xestión ou servizo que a Administración debe orzar de forma separada e non pode ser financiado á conta de reducir a marxe do 6% destinado por lei ao beneficio industrial.

SEGUNDO. Someter dita derogación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Alcalde, concede a palabra ao Secretario para que aclare a procedencia da proposta.

O secretario informa que dita ordenanza non se aplica dende hai varios anos. Informa que dita ordenanza minguaba os ingresos das empresas quitando parte dos ingresos referidos ao beneficio industrial e gastos xerais, feito que non é eficiente e que podería rozar a ilegalidade. Que dita ordenanza debe derogarse con efectos retroactivos dende xaneiro de 2025, Que na proposta presentada non se fai referencia á retroactividade, pero que debe ser así para poder acollerse a subvención da casa da Cultura. Que como non se estaba a aplicar, non supón devolucións de importes.

Don Brais teme que o que se pretenda sexa reducir o beneficio dos contratistas, e o Secretario aclara que non se reduce beneficio algún dos contratistas. Que todo o contrario. A ordenanza reducía os seus dereitos



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



recoñecidos na Lei de Contratos. Coa derogación da ordenanza, os beneficios dos contratistas pasan a ser os recoñecidos legalmente na Lei.

Feitas as aclaracións pertinentes, sométese a proposta a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Así as cousas, queda aprobada a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a derogación con carácter retroactivo dende xaneiro de 2025 da Ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación de servizos de dirección de obras realizadas polos técnicos competentes polos seguintes motivos:

Na Administración Pública Española, a dirección de obra é un custo indirecto ou un gasto xeral que forma parte da estrutura de custos da empresa construtora, non unha partida independente para deducir do beneficio industrial, que é a retribución pola execución do contrato; a administración calcula a estrutura de custos (gastos xerais, beneficio industrial) sobre o Orzamento de Execución Material (OEM) e, se unha empresa desconta a dirección de obra (un custo indirecto) do beneficio industrial (un % sobre OEM), distorsiona a oferta e a estrutura de custos lexítima, o que pode levar a un informe de non procedencia, como se ve en casos do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, (TACRC), porque altera o cálculo da oferta e a comparativa con outras, podendo levar a prezos anormais ou inxustificadas, afectando a competencia e a transparencia, segundo os principios da Lei de Contratos do Sector Público.

O Beneficio Industrial (B.I.), é unha porcentaxe sobre o Orzamento de Execución Material (PEM) que remunera ao contratista polo risco e a xestión empresarial, sendo un beneficio lexítimo, mentres que a Dirección de Obra (D.O.), É un custo indirecto ou gasto xeral (persoal, medios auxiliares etc.) **que a empresa** debe cubrir para executar a obra, non é parte do beneficio en si, senón un custo de estrutura que inflúe no OEM e nos Gastos Xerais.

A oferta económica baséase nunha desagregación de prezos (OEM, Gastos Xerais, B.I. etc). Descontar un custo indirecto (D.O.) do B.I. é mesturar conceptos e non se axusta á estrutura normativa e técnica de valoración de ofertas.

Na administración pública española, a normativa e a xurisprudencia establecen que non procede descontar o custo da dirección de obra do beneficio industrial, xa que se trata de conceptos retributivos e orzamentarios con naturezas xurídicas e económicas distintas e independentes. Recurso 1093/2024 TACRC.

O Beneficio Industrial é a ganancia lexítima que o contratista espera obter pola execución do risco e a ventura do contrato. Legalmente, fíxase de forma estandarizada nun 6% sobre o Orzamento de Execución Material (OEM) nos contratos de obras, e a Dirección de Obra, é un custo de servizo técnico (asistencia técnica ou facultativa) necesario para a correcta execución do proxecto. Se a dirección de obra é externa, constitúe un contrato de servizos independente; se é interna, é un custo asumido pola propia Administración O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Art. 131) desagrega o orzamento de licitación sumando ao OEM:

Gastos xerais (entre 13% e 17%).

Beneficio industrial (6%).

O custo de dirección de obra non forma parte destas partidas nin debe deducirse delas, pois o B.I. é unha retribución neta sobre a execución material, non un fondo para cubrir os servizos de supervisión que corresponden á entidade contratante a nivel profesional.

Detraer o custe da supervisión ou dirección de obra do beneficio industrial supoñería unha minoración da retribución legalmente prevista para o contratista, alterando o principio de risco e ventura.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



En conclusión, a dirección de obra é un custo de xestión ou servizo que a Administración debe orzar de forma separada e non pode ser financiado á conta de reducir a marxe do 6% destinado por lei ao beneficio industrial.

SEGUNDO. Someter dita derogación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

5. dar conta da prórroga do orzamento do 2025 ao 2026

O Alcalde da conta ao Pleno da prórroga do orzamento co seguinte texto.

De conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais se da conta ao Pleno, do Decreto da Alcaldía 291/2025 de 19/12/2025 de Prorroga do orzamento do 2025 ao 2026 para os efectos de que quede informado do mesmo

PRIMEIRO. Axustes a realizar sobre os créditos iniciais do orzamento do ano 2025, que se prorrogará para o exercicio 2026, xunto coas súas bases de execución, en tanto non entre en vigor o orzamento do exercicio 2026, de acordo co seguinte detalle:

Programa	Económica	Créditos Iniciais	Baixa (en €)	Importe prorrogado
342	61900	1.000,00	1.000,00	0,00
1531	62300	10.711,24	10.711,24	0,00
920	62600	1.500,00	1.500,00	0,00
1720	63300	3.000,00	3.000,00	0,00
1621	60900	6.871,38	6.871,38	0,00
160	60900	5.000,00	5.000,00	0,00
133	60000	10.000,00	10.000,00	0,00
TOTAL AXUSTES Á BAIXA			38.082,62	

SEGUNDO. O orzamento prorrogado para o ano 2026 quedaría, despois dos axustes realizados da seguinte maneira:

ESTADO DE GASTOS

	CAPÍTULO	2026
1	Gastos de persoal	589.288,33
2	Gastos correntes en bens e servizos	711.733,22
3	Gastos financeiros	6.636,95
4	Transferencias correntes	29.576,15
6	Inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	8.350,00



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		1.345.584,65

ESTADO DE INGRESOS

	CAPÍTULO	2026
1	Impostos directos	206.096,05
2	Impostos indirectos	4.437,69
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	116.781,25
4	Transferencias correntes	1.047.202,28
5	Ingresos patrimoniais	9.150,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		1.383.667,27

O Alcalde informa da baixa dos créditos do capítulo 6 de inversións, facendo as aclaracións que solicita o voceiro do Grupo Socialista.

Feitas estas, o Pleno dáse por informado da prórroga do orzamento do ano 2025 para o 2026.

6. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de decembro

Relación de decretos da Alcaldía para dar conta no pleno ordinario de decembro

Nº	Fecha	Asunto
244	24-10-2025	Nóminas do mes de outubro de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de setembro de 2025.
245	27-10-2025	Convocatoria Pleno ordinario 30/10/2025
246	28-10-2025	FOEAC/2026: ENVELLECIMENTO ACTIVO (Memoria e ximnasia)
247	29-10-2025	FO023B 2026: Socorrismo
248	30-10-2025	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/10
249	30-10-2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA. PR483C: INSTALACIÓN DE PUNTO de RECARGA PÚBLICO PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO CONCELLO DE CERDIDO
250	06-11-2025	Segregación dunha finca coa finalidade de facer dúas fincas Lugar de Pena
251	06-11-2025	SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS
252	03-11-2025	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 10, A Barqueira
253	06-11-2025	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/11



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



254	07-11-2025	Alta no padrón municipal de habitantes en Campos, 3, Os Casás
255	11-11-2025	Alta no padrón municipal de habitante en Carballás, 2, Os Casás
256	11-11-2025	Realización del control de calidade da obra: Mellora viario Freis - Vilarelle, Plan Camiña Rural 2025-2026 Agader
257	11-11-2025	Relación de recibos correspondente ao mes de outubro de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
258	12-11-2025	DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE S.L. - OBRA: MELLORA DO ESPAZO LIBRE NOS CASÁS.
259	14-11-2025	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/TC/06 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO
260	14-11-2025	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/12
261	18-11-2025	Adxudicación do contrato de servizos para proceder á legalización das instalacións da piscina municipal
262	18-11-2025	Adquisición dun vehículo eléctrico tipo furgoneta
263	18-11-2025	Convocatoria de Subvencións nominativas a entidades e asociacións do Concello de Cerdido 2025
264	18-11-2025	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/11 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 4/2025 PARA GASTO CORRENTE. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA ELÉCTRICA PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. CONVENIO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CON ROZADORIA E MÁQUINA ESCAVADORA MINIRETRO.
265	18-11-2025	APROBACIÓN PAGO ACHEGA MUNICIPAL CONVENIO XANTAR NA CASA 3º TRIMESTRE DE 2025
266	19-11-2025	PEL CONCELLOS/2026
267	20-11-2025	Alta no padrón municipal de habitantes en Soosloueiros, 15, A Barqueira
268	20-11-2025	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia de Abaixo, 8, Cerdido
269	21-11-2025	Contratación de Eva María García Caneiro como auxiliar administrativo de novembro de 2025 a maio 2026
270	21-11-2025	APROBACIÓN E PAGO DAS ASISTENCIAS DOS CONCELLEIROS ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DENDE O MES DE DECEMBRO DE 2024 ATA O MES DE NOVEMBRO DE 2025.
271	24-11-2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº2 DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN MUNICIPAL, E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FEL25 48 CON NRC F/2025/894.
272	24-11-2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN MUNICIPAL, E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FEL25 46 CON NRC F/2025/891.
273	26-11-2025	Animadora Sociocultural Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027
274	27-11-2025	NÓMINAS DO MES DE NOVEMBRO DE 2025 DO PERSOAL FUNCIONARIO, LABORAL E CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELLO DE CERDIDO, E APROBACIÓN DOS SEGUROS SOCIAIS CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2025.
275	27-11-2025	Adquisición dun vehículo eléctrico tipo furgoneta
276	01-12-2025	Contrato menor: Actuación de MIGALLAS TEATRO a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña
277	02-12-2025	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/13



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



278	02-12-2025	Contrato menor de servizos para o cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos
279	04-12-2025	APROBACIÓN E PAGO DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CERDIDO CORRESPONDENTES AO ANO 2025.
280	04-12-2025	DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DA ETAP DO CONCELLO DE CERDIDO. EXPEDIENTE 2013/c004/000003 - VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL AUGAS DE GALICIA, S.A.U.
281	04-12-2025	Contrato menor: Seguridade no CEIP A Barqueira
282	04-12-2025	ACHEGA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS E PREXUIZOS DERIVADOS DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DEPENDENTES DESE CONCELLO PROCEDIMIENTO ABREVIADO 95/2025
283	04-12-2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DAS OBRAS DE MELLORA VIARIO FREIS-VILARELLE (AGADER 2025-2026), E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FE25 132 CON NRC F/2025/931.
284	04-12-2025	Convocatoria selección persoal
285	05-12-2025	Animadora Sociocultural Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027
286	09-12-2025	Relación de recibos correspondente ao mes de novembro de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
287	09-12-2025	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/12 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONTRATACION DE MOZOS INSCRITOS NO SNGX: TR350E.
288	15-12-2025	ANULACIÓNS PARCIAIS DE XERACIÓNS DE CRÉDITO DE CANTIDADES CORRESPONDENTES A SUBVENCIÓNS ORZADAS NO ORZAMENTO DE 2025
289	16-12-2025	Alta no padrón municipal de habitantes en Boucido, 2, Os Casás
290	18-12-2025	Convenio Terras do Ortegal III
291	19-12-2025	Prorroga do orzamento do 2025 ao 2026

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 246 de data 28-10-2025. FOEAC/2026: ENVELLECIMENTO ACTIVO (Memoria e ximnasia). Pregunta se o decreto fai referencia á solicitude ou á concesión.

O alcalde aclara que é a solicitude para o ano 2026.

- Dona Rocío solicita aclaracións sobre o decreto 247 de data 29/10/2025: FO023B 2026: Socorrismo.

O Alcalde aclara que se trata da subvención para o socorrista para o ano 2026.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 258 de data 12/11/2025; DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE S.L. - OBRA: MELLORA DO ESPAZO LIBRE NOS CASÁS.

O Alcalde informa que se trata da devolución de un aval a empresa indicada por haberse terminado os traballos de forma satisfactoria.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 261 de data 18/11/2025. Adxudicación do contrato de servizos para proceder á legalización das instalacións da piscina municipal

O alcalde informa que se trata do contrato para poder proceder a legalización da piscina climatizada. Que o importe ascende a 10.884,00 €. Que o prezo inclúe os proxectos necesarios para dar de alta a instalación, pero que a maiores hai mais deficiencias. Que o contrato foi adxudicado á mesma empresa que instalou a deshumectadora.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 262 de data 18/11/2025; Adquisición dun vehículo eléctrico tipo furgoneta.

O alcalde informa que se trata de un convenio con Administración Local. Que o custe foi de 33.093,50 €

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 264 de data 18/11/2025; EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/11 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 4/2025 PARA GASTO CORRENTE. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA ELÉCTRICA PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. CONVENIO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CON ROZADORA E MÁQUINA ESCAVADORA MINIRETRO.

Don Brais pregunta si parte do diñeiro do POS se inviste na furgoneta eléctrica. O Alcade di que non. Que non ten nada que ver o POS coa furgoneta. Que a furgoneta foi adquirida cun convenio da Xunta.

O Alcalde aclara que se trata de unha modificación de crédito, pero que non se fusionan importes. Que o importe da modificación foi de 263.629,00 €

Don Brais pregunta canto tivo que poñer o concello para a adquisición da furgoneta.

O alcalde cree que en torno a 6.000,00 ou 7.000,00 euros. O secretario informa que a furgoneta foi pagada en exclusiva pola Xunta de Galicia, feito que o alcalde pon en dúbida.

NOTA.- A furgoneta foi pagada ao 100% cunha achega da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte. Exp. 2025/A006/000007

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 269 de data 21/11/2025; Contratación de Eva María García Caneiro como auxiliar administrativo de novembro de 2025 a maio 2026.

O Alcalde aclara que se trata da rapaza contratada en base a un POS.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 271 de data 24/11/2025; APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº2 DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN MUNICIPAL, E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FEL25 48 CON NRC F/2025/894.

Pregunta si as obras están rematadas.

O Alcalde contesta que falta por rematar os portais e instalar un secuencial. Que foi necesario xustificar a subvención pero que unha empresa externa non pode colocar o portal ata pasar as festas por acumulación de tarefas. Que aínda non está pagada toda a obra ao contratista, xa que algunhas cousas non estaban financiadas coa achega e aínda están por rematar.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 278 de dta 02/12/2025; Contrato menor de servizos para o cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos

O Alcalde informa que se trata do contrato coa empresa NORMACTIVA por importe de 169,40 euros ao ano.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 280 de dta 04/12/2025: DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DA ETAP DO CONCELLO DE CERDIDO. EXPEDIENTE 2013/c004/000003 - VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL AUGAS DE GALICIA, S.A.U.

O Alcalde informa que se trata da devolución de un aval do contrato de mantemento da ETAP que estaba sen devolver dende o ano 2013. 730,00 €.

- Dona Rocío solicita aclaracións sobre o decreto 281 de dta 04/12/2025: Contrato menor: Seguridade no CEIP A Barqueira.

O alcalde di que se trata do contrato de alarma do CEIP. 773 euros ao ano.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 282 de dta 04/12/2025: ACHEGA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS E PREXUÍZOS DERIVADOS DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DEPENDENTES DESE CONCELLO PROCEDIMIENTO ABREVIADO 95/2025



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O Alcalde informa que se trata dunha indemnización polos danos causados por unha árbore a unha furgoneta nunha pista municipal. Que o importe ascendeu a 4.172,00 €

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 283 de dta 04/12/2025: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DAS OBRAS DE MELLORA VIARIO FREIS-VILARELLE (AGADER 2025-2026), E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FE25 132 CON NRC F/2025/931. Pregunta si a obra está certificada.

O Alcalde contesta que está certificada a primeira parte. Que o AGADER e de dúas anualidades.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 284 de dta 04/12/2025: Convocatoria selección persoal.

O Alcalde informa que se trata do rapaz que está contratado como animador.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 285 de dta 05/12/2025: Animadora Sociocultural Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027

O Alcalde informa que se trata do mesmo asunto que o decreto 284.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 290 de dta 18/12/2025: Convenio Terras de Ortegal III.

O Alcalde informa que se trata de un convenio firmado para obradoiros de emprego. Que este ano cree que vai incluír obradoiros de xardinería.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 288 de dta 15/12/2025: ANULACIÓNS PARCIAIS DE XERACIÓNS DE CRÉDITO DE CANTIDADES CORRESPONDENTES A SUBVENCIÓNS ORZADAS NO ORZAMENTO DE 2025.

O Alcalde informa que se trata de anulacións de incorporacións de remanente para evitar que existan no orzamento importes duplicados.

7.Rogos e preguntas

- Don Brais informa que a pista da depuradora está en mui mal estado. Solicita que se arranxen as pistas que están en mal estado.

- Don Brais informa do problema existente coa luz pública na Torre. Que é un problema recorrente. O Alcalde di que se están buscando solucións. Que é consciente do problema. Dona Dolores informa que o mesmo problema o teñen en Os Casás. O Alcalde informa que o problema en Os Casás está solucionado.

- Don Brais queixase de que non se lle facilita ningunha da información que solicita. O Alcalde contesta que cree que ten acceso a toda a información que solicita. Entrega un Pen drive coa información que solicitou e contesta as preguntas formuladas por don Brais no Pleno.

1.- Cal é o importe do contrato de colocación do iluminación do nadal? Solicitáronse varias ofertas?

O Alcalde di que a empresa que instala as luces e a mesma de todos os anos. Que é a mesma que traballaba coa corporación anterior.

2.- Modificación de crédito. Modalidade crédito extraordinario financiado con remanente líquido de TGX procedente da liquidación do exercicio 2022.

O Alcalde informa que as modificacións de crédito van sempre a Pleno. Que se non foi a pleno é porque dita modificación non se fixo. Que ademais é un asunto do orzamento do ano 2022.

Don Brais pregunta por que non se fan incorporacións de remanentes nos anos anteriores.

- Don Brais fai referencia ás fugas de auga. Lembra que das fugas de auga xa se falou en xuño, agosto. Que enviaron unha nota de prensa fará un mes e medio porque considera que o goberno do concello non lle fai caso.

Que varios veciños da parroquia de Cerdido lle trasladaron as queixas dun problema coas fugas de auga. Fai mención a unha publicación no Facebook do PP de Cerdido e pregunta si 30 meses despois de



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



estar o PP no goberno local, sempre ten que haber una “coletilla” para o PSOE de Cerdido, Pedro Sanchez, ou o PSOE nacional nas súas publicacións en redes.

Dito iso, lembra que unha parroquia pasou tres días sen auga. Que hai que actuar e non culpar ao PSOE. Que non se pode estar tres días sen auga. Que é consciente de que os traballadores do concello teñen que descansar pero que se poden buscar solucións de urxencia como facilitar cisterna de auga, garrafas para consumo humano, facilitar instalacións, etc.

(Comeza unha discusión entre varios concelleiros imposible de transcribir)

Unha veciña do público pide permiso ao Alcalde para falar e o Alcalde accede.

Esta veciña reitera as mesmas queixas que o voceiro do grupo socialista sobre a traída con exemplos persoais. Outra das persoas asistentes tamén da as mesmas queixas. O alcalde recoñece que teñen razón en queixarse pero que non é certo que non faga nada ante os problemas da traída.

O grupo socialista formula a idea de facer unha auditoría para solucionar o tema da auga traída, ou contratar unha empresa para que leve o mantemento da traída para solucionar problemas de fugas nos fins de semana.

O alcalde lembra que non é tan doado conseguir operarios en fin de semana para solucionar perdas de auga. Que si hai unha fuga en fin de semana non hai medios propios para solucionar o problema, xa que pode ser necesario utilizar maquinaria, soldar, etc.

Comeza un debate entre o alcalde e unha veciña con reproches e exemplos que non son de expoñer. En resumen, os veciños piden que se reparen os problemas coa traída.

O concelleiro Do Diego Graña, recrimina á concelleira do grupo socialista que esta lle votase en cara que vive en Cedeira. O concelleiro pide que quede constancia na acta dita insinuación. Comprobada a gravación, pódese constatar que a concelleira do grupo socialista non fixo mención expresa a concelleiro algún nin mencionou o nome de Cedeira. As verbas de Doña Dolores foron “os que non vivides aquí non o notades, pero os que vivimos aquí...”

O alcalde da por cerrado o debate da auga.

Dona Dolores queixase de que no Concello hai varias sinais rotas. Concretamente na curva do Covelo. O Alcalde di que están para reparar. O mesmo pasa na entrada da Fraga dos Casas. O Alcalde está convencido de que a culpa é dos madeireiros. Que parece que un camión pasou por encima delas.

Do Xulián recrimina ao alcalde o feito de que ningún representante do concello de Cerdido asistise á manifestación en favor da mellora do servizo de tren de cercanías que tamén pasa por Cerdido que se celebrou o 30 de novembro en Ferrol. O Alcalde di que ninguén o invitou institucionalmente. Don Xulián pregunta si está en contra da defensa do tren e o Alcalde di que el non está en contra do servizo de tren de cercanías. Don Brais pregunta si se vai a facer algún tipo de declaración institucional ao que o Alcalde reitera a súa contestación de que a el non lle chegou nada.

Don Xulián pregunta si hay un prazo estipulado para a apertura da piscina, e o alcalde responde que non.

Don Xulián pregunta si se está a traballar na modificación do PXOM, e o Alcalde contesta que non.

Don Xulián pregunta si se está a aplicar a ordenanza de cortes de madeira. O Alcalde contesta que si. O concelleiro informa que os madeireiros están a facer estragos en numerosas pistas. Don Xulián amosa unhas fotografías. Don Brais di que na Cuqueira hay un tramo de vía intransitable.

Do Xulián lembra que na pista que une Freis – Vilarelle, hay unha zona que está mui afectada pola auga. Si se vai canalizar ou dar solución ao problema. O alcalde cree que o problema está solucionado. Tamén lembra o concelleiro que a porta do depósito está rota e que se poden colar animais.

Don Brais informa que pasando a ponte do Muíño do Abade, antes dunha sinal, sempre baixa moita auga, énchese a cuneta e despois escapa para a pista. O Alcalde di que o madeireiro xa foi reparar a cuneta.



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



E non habendo mais asuntos a tratar, o Alcalde da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta e dous minutos, do que eu, como Secretario, dou fe.